
MANUAL DE PROCEDIMENTOS DE CALIDADE

PROCEDIMENTO

**Xestión das prácticas académicas
externas**

CÓDIGO DO-0204 P1 ÍNDICE 04

REDACCIÓN	VALIDACIÓN	APROBACIÓN
Área de Apoio á Docencia e Calidade	Comisión de Garantía de Calidade	Xunta de centro
Data e sinatura	Data e sinatura	Data e sinatura

UniversidadeVigo

Vicerreitoría de
Alumnado, Docencia
e Calidade

Edificio Reitoría
Campus Universitario
36310 Vigo
España

Tel. 986 813 586
Fax 986 813 818
vicade.uvigo.es

Proceso

Planificación e desenvolvemento do ensino.

Histórico de evolucións

ÍNDICE	DATA	REDACCIÓN	MOTIVO DAS PRINCIPAIS MODIFICACIÓNES
00	15/05/2008	Área de Calidade	Creación do procedemento PC10 «Xestión e revisión das prácticas externas integradas no plan de estudos» (documentación marco).
01-03	2008-2011	Comisións de garantía de calidade dos centros	Intervalo de modificacións realizadas polos centros baseadas fundamentalmente nas recomendacións establecidas nos informes de avaliación dos sistemas de calidade, remitidos desde a ACSUG.
04	24/04/2013	Raquel Gandón e José Miguel Dorribo (Área de Apoyo á Docencia e Calidade)	Evolución completa do procedemento: nova codificación, trama de redacción e estrutura; novos contidos. Modificación do título e do código: pasa a DO-0201 P1 «Xestión das prácticas académicas externas».

Índice

I OBXECTO	3
II ALCANCE.....	3
III REFERENCIAS	3
IV DESENVOLVEMENTO.....	5
V ANEXOS	15

I OBXECTO

Establecer o sistema que permita xestionar as prácticas académicas externas do estudiantado da Universidade de Vigo, así como garantir e mellorar continuamente a súa calidade.

II ALCANCE

O alcance do presente procedimento esténdese ás prácticas académicas externas

- curriculares e
- extracurriculares

desenvolvidas na propia universidade (en dependencias ou servizos non destinados á actividade docente) ou en entidades colaboradoras, tales como empresas, institucións e entidades públicas e privadas no ámbito nacional e internacional e no cadre das titulacións de grao e mestrado universitario dos centros da Universidade de Vigo.

Nota: inclúense as prácticas realizadas a través de convenios bilaterais con outras universidades así como as efectuadas a través de programas nacionais e internacionais de mobilidade e intercambio universitarios.

III REFERENCIAS

III.1. Normas

Lexislación

- Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades.
- RD 861/2010, do 2 de xullo, polo que se modifica o RD 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- RD 1707/2011, do 18 de novembro, polo que se regulan as prácticas académicas externas do estudiantado universitario.
- RD 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do (a) estudiante universitario.
- Estatutos da Universidade de Vigo.
- Resolución reitoral da Universidade de Vigo, do 5 de setembro de 2011, de delegación de competencias.
- Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo aprobado no Consello de Goberno do 24 de maio de 2012.
- Normativa reguladora do procedimento para a tramitación e a aprobación de convenios na Universidade de Vigo (acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo do 20 de novembro de 2007).
- Resolución reitoral do 21 de febreiro de 2013 pola que se fai pública a instrución que establece o procedimento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares na Universidade de Vigo.
- Resolución reitoral do 21 de febreiro de 2013 pola que se fai pública a instrución que establece o procedimento para o desenvolvemento das prácticas académicas externas extracurriculares na Universidade de Vigo.

Normas e estándares de calidade

- ENQA: Criterios e directrices para a garantía de calidade no Espazo Europeo de Educación Superior.
 - 1.2 Aprobación, control e revisión periódica de programas e títulos.
 - 1.3 Avaliación dos (as) estudiantes.

- ACSUG, ANECA e AQU: Programa FIDES-AUDIT. Documento 02: Directrices, definición e documentación dos Sistemas de garantía interna da calidade da formación universitaria.
 - Directriz 6. Desenvolvemento dos programas formativos e outras actuacións orientadas á aprendizaxe do(a) estudiante.
 - Directriz 9. Resultados para a mellora dos programas formativos.
- ACSUG: Programa do Seguimiento de títulos oficiais.
 - Criterio 5. Planificación das ensinanzas.
 - Criterio 9. Sistema de Garantía Interna de Calidade.
- Norma UNE-EN ISO 9000: Sistemas de xestión da calidade. Fundamentos e vocabulario.
- Norma UNE-EN ISO 9001: Sistemas de xestión da calidade. Requisitos.

Outros documentos de referencia

- Universidade de Vigo: *Manual de lingua xe inclusiva no ámbito universitario*.

III.2. Definicións

- Prácticas académicas externas: actividad de natureza formativa realizada polo estudiantado universitario e supervisada polas universidades, cuxo obxectivo é permitir ao mesmo aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que os preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.
(RD 1707/2011, do 18 de novembro)
Nota: dentro desta definición tamén se inclúen, por exemplo, as estancias clínicas.
- Prácticas académicas curriculares: actividades académicas integradas como materias dun plan de estudos con carácter obligatorio ou optativo.
(Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo)
- Prácticas académicas extracurriculares: actividades académicas que o estudiantado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, áinda que tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudos.
(RD 1707/2011, do 18 de novembro)
- Proxecto formativo: documentación en que se concreta a realización de cada práctica académica externa e en que se deben fixar os obxectivos educativos e as actividades que se desenvolverán.
(RD 1707/2011, do 18 de novembro)
- Comisións de titulación: comisións con responsabilidade no desenvolvemento da titulación (comisións académicas da titulación, de docencia, de coordinación de títulos impartidos en varios centros...).
(*Directrices xerais para o Seguimiento de títulos oficiais de grao e máster da Universidade de Vigo*)
- Área de Calidade : Área de Apoyo á Docencia e Calidade.

III.3. Abreviaturas e siglas

- ACSUG: Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia
- ANECA: Axencia Nacional de Avaliación da Calidade e Acreditación
- AQU : Agència per a la Qualitat del Sistema Universitari de Catalunya
- CGIC : Comisión de Garantía Interna de Calidade
- ENQA : European Association for Quality Assurance in Higher Education (Rede Europea para a Garantía da Calidade na Educación Superior)
- FUVI : Fundación Universidade de Vigo
- PAS : persoal de administración e servizos
- PDI : persoal docente e investigador
- RD : Real decreto

- RR : Resolución reitoral
- SGIC : Sistema de garantía interna de calidad
- STO : Seguimiento das titulacións oficiais

IV DESENVOLVEMENTO

IV.1. Finalidade do proceso

Organizar e mellorar o desenvolvemento das prácticas académicas externas de forma que:

- Contribúan á formación integral do estudiantado ao completar a súa aprendizaxe teórica e práctica
- Faciliten o coñecemento da metodoloxía de traballo adecuada á realidade profesional en que o estudiantado deberá operar, contrastando e aplicando os coñecementos adquiridos
- Favorezan o desenvolvemento de competencias técnicas, metodolóxicas, persoais e participativas
- Obteñan unha experiencia práctica que facilite a inserción no mercado de traballo e mellore a súa empregabilidade futura e
- Favorezan os valores da innovación, a creatividade e o emprendemento.

IV.2. Responsable do proceso

- Coordinador/a de prácticas externas do centro.

IV.3. Indicadores

Os indicadores asociados a este proceso están identificados e definidos no procedimento DE-02 P1 «Seguimiento e medición».


IV.4. Diagrama de fluxo

Segundo establece o RD 1707/2011, do 18 de novembro, as prácticas académicas externas serán curriculares e extracurriculares.


- a) As prácticas curriculares configúranse como actividades académicas integrantes do plan de estudios de que se trate.
- b) As prácticas extracurriculares son as que o estudiantado poderá realizar con carácter voluntario durante o seu período de formación e que, ainda tendo os mesmos fins que as prácticas curriculares, non forman parte do correspondente plan de estudios. Non obstante, serán recollidas no suplemento europeo ao título conforme determine a normativa vixente.

IV.4.1. PRÁCTICAS CURRICULARES


Segundo establece a RR do 21 de febreiro de 2013, para o desenvolvemento das prácticas académicas externas curriculares, é competencia da Área de Emprego da Universidade de Vigo, baixo a dependencia da Vicerreitoría de Transferencia do Coñecemento, velar polo cumprimento das finalidades do proceso.




B) XESTIÓN DAS PRÁCTICAS CURRICULARES



C) DESENVOLVEMENTO DAS PRÁCTICAS CURRICULARES






IV.4.2. PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES


Segundo establece a RR de 21 de febreiro de 2013, para o desenvolvemento das prácticas académicas externas extracurriculares, a súa tramitación e xestión é realizada pola FUVI, segundo convenio asinado para tal efecto coa Universidade de Vigo.

A Vicerreitoría con competencias en relacóns internacionais poderá tramitar e xestionar prácticas extracurriculares no estranxeiro (no marco dos programas de intercambio internacionais), así como promover os convenios de cooperación educativa correspondentes.

E) PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES



E) PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES



Comentarios:

- **Etapa 20:** deseño das prácticas: definición e aprobación do proxecto formativo

O proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa debe fixar os obxectivos educativos e as accións que se desenvolverán.

Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o/a estudiante. Así mesmo, os contidos da práctica definiranse de forma que se asegure a relación directa das competencias que se adquirirán cos estudos cursados.

O deseño das prácticas debe ter en conta as esixencias establecidas na lexislación vixente (RD 1393/2007, do 29 de outubro; RD 1791/2010, do 30 de decembro e RD 1707/2011, do 18 de novembro) respecto de:

- a súa programación,
- o número de créditos,
- a súa planificación no desenvolvemento temporal do plan de estudos,
- a súa duración e horarios...

O funcionamento, respecto do anterior, das prácticas externas optativas está regulado polo Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo (art. 4).

Modificacións do proxecto formativo

As eventuais modificacións que se produzan no proxecto formativo deben ser autorizadas polo titor/a académico (sen prexuízo do indicado nas convocatorias de programas internacionais de prácticas).

- **Etapa 30:** xestión de convenios e acordos de cooperación e colaboración (RD 1707/2011, art. 7)

Os convenios establecen o marco regulador das relacións entre o estudiantado, a entidade colaboradora e, no seu caso, a entidade xestora de prácticas vinculada a esta última. Neste sentido, a tramitación, a xestión e a difusión das prácticas externas extracurriculares poderá ser delegada pola Universidade de Vigo nunha entidade xestora mediante o correspondente convenio.

Os convenios de cooperación educativa, nas súas estipulacións básicas ou nos anexos que as desenvolvan deben integrar polo menos:

- a) O proxecto formativo obxecto da práctica que realizará cada estudiante.
- b) O réxime de permisos a que teñadereito segundo a normativa vixente.
- c) As condicións de rescisión anticipada da práctica no caso de incumprimento dos seus termos.
- d) No seu caso, o réxime de subscrpción e pago de seguros, tanto de accidentes como de responsabilidade civil.
- e) A existencia, no seu caso, dunha bolsa ou dunha axuda de estudos para o estudiantado e a forma da súa satisfacción.
- f) A protección dos seus datos.
- g) A regulación dos posibles conflitos xurdidos no seu desenvolvemento.
- h) Os termos do recoñecemento da universidade ao labor realizado por quien exerza a tutoría da entidade colaboradora.

(Regulamento de prácticas académicas externas do alumnado da Universidade de Vigo)

Prácticas no estranxeiro

O convenio de cooperación educativa substitúise, de ser o caso, por un contrato de estudos ou documento equivalente, de acordo coas disposicións que se determinen para o programa de prácticas de que se trate.

Prácticas en servizos e dependencias da propia universidade

O convenio substitúise por un acordo escrito interno asinado pola persoa responsable do servizo ou da dependencia na que se realizan as prácticas e a persoa responsable académica do centro de que dependa a titulación. O citado acordo debe ter o visto e prace de Xerencia ou da vicerreitoría competente en materia de titulacións.

- **Etapa 50:** xestión da oferta de prácticas externas

O RD 1707/2011 (art. 7) establece as esixencias mínimas en termos de:

- Os principios que se aplicarán nas prácticas.
- A súa organización e desenvolvemento.
- As prioridades do estudiantado e
- Os datos que contén a oferta.

- **Etapas 140 e 125:** desenvolvemento das prácticas

Os dereitos e os deberes do estudiantado durante a realización das prácticas establecense no RD 1707/2011.

O profesorado titor académico vela polo normal desenvolvemento das prácticas, en coordinación con quen exerce a tutoría da entidade colaboradora. Informa o coordinador/a de prácticas do centro das posibles incidencias xurdidas.

No caso de posibles contradicións ou conflitos no desenvolvemento das prácticas e a realización dos informes, o estudiantado dispón dos mecanismos xerais de garantía e salvagarda académicos (no ámbito docente) e administrativos aplicables na Universidade de Vigo.

- **Etapa 150:** realización do informe (titor/a da entidade colaboradora) e remisión ao profesorado titor académico (RD 1707/2011, art. 13)

Poderanse valorar os seguintes aspectos referidos, no seu caso, tanto ás competencias xenéricas como ás específicas, previstas no correspondente proxecto formativo:


- a) Capacidad técnica.
- b) Capacidad de aprendizaxe.
- c) Administración de traballos.
- d) Habilidades de comunicación oral e escrita. No caso de estudiantes con discapacidade que teñan dificultades na expresión oral, deberá indicarse o grao de autonomía para esta habilidade e se requieren dalgún tipo de recurso técnico e/ou humano.
- e) Sentido da responsabilidade.
- f) Facilidade de adaptación.
- g) Creatividade e iniciativa.
- h) Implicación persoal.
- i) Motivación.
- j) Receptividade ás críticas.
- k) Puntualidade.
- l) Relacións coa súa contorna laboral.
- m) Capacidad de traballo en equipo.
- n) Outros aspectos que se consideren oportunos.

- **Etapa 160:** elaboración da memoria final da práctica [estudiante] e entrega ao profesorado titor académico (RD 1707/2011, art. 14)

Deben figurar, entre outros, os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais do/a estudiante.
- b) Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e o lugar de localización.
- c) Descripción concreta e detallada das tarefas, dos traballos desenvolvidos e dos departamentos da entidade aos que estivo asignado.
- d) Valoración das tarefas desenvolvidas cos coñecementos e coas competencias adquiridos en relación cos estudos universitarios.
- e) Relación dos problemas suscitados e o procedemento seguido para a súa resolución.
- f) Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- g) Avaliación das prácticas e das suxestións de mellora.

IV.5. Ciclo de mellora continua do proceso (PDCA)



- (P) Planificar: establecer os obxectivos e os procesos necesarios para acadar resultados de acordo cos requisitos, coas necesidades e coas expectativas dos grupos de interese e coas políticas da organización.
- (D) Desenvolver (facer): implantar os procesos.
- (C) Controlar (verificar): realizar o seguimento e a medición dos procesos e dos produtos e servizos respecto ás políticas, aos obxectivos e aos requisitos, ás necesidades e ás expectativas, e informar dos resultados.
- (A) Actuar (aprender): tomar accións para mellorar continuamente o desempeño dos procesos.

(UNE-EN ISO 9001)

V ANEXOS

(Non existen)

Rexistros

Código	Identificación do rexistro Denominación	Soporte orixinal	Disponible na aplicación SGIC-STO?	Responsable de custodia (órgano / posto)	Duración	Clasificación (*)
R1 DO-0204 P1	Criterios de asignación das prácticas curriculares	Electrónico	Non	Coordinación de prácticas do centro	6 anos	-

(*) Cúbrase só no caso de que o rexistro estea suxeito a condicións de permanencia adicionais ao período de arquivo de xestión (é dicir, cando é necesaria a súa transferencia posterior ao arquivo xeral).